

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 28 DE MAIO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se concede a Medalla Castelao.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se modifica o Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela o profesor doutor Juan Manuel Viaño Rey.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos dereitos mineiros do parque eólico Cernego, situado no concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense) e promovido pola sociedade AV Cernego, S.L.U. (expediente IN661A 2011/04-3-AT).



CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos á conta de contía superior ao establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e á exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL) e ás súas entidades promotoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014. Importe total: douscentos dez mil euros (210.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se aproba o Pladiga para o ano 2014.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias previas 395/2014 do Xulgado de Violencia sobre a Muller número 1 da Coruña abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de María Belén Expósito Vázquez.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a actividade Bibliosaúde 2013.
- Informe sobre as obras do centro de saúde de Gondomar.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre a evolución dos servizos profesionais de proximidade no domicilio dentro do Sistema para a autonomía e atención a persoas en situación de dependencia en Galicia.
- Informe sobre a orde de axudas para a contratación temporal, polas entidades locais, de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga.

JUAN CARLOS ESTÉVEZ FERNÁNDEZ-NOVOA, O OBRADOIRO DE GAITAS SEIVANE, PILAR IGLESIAS OSORIO, FRANCISCO JAVIER PITILLAS TORRA E CARMEN FRAGA ESTÉVEZ MEDALLAS CASTELAO 2014

- ***O Goberno galego aprobou hoxe o decreto polo que se concede esta distinción***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se concede a Medalla Castelao 2014, coa que a Administración autonómica distingue aqueles galegos e galegas autores dunha obra merecente do recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade humana.

O decreto aprobado hoxe acorda distinguir o procurador e actual secretario xeral de Unión Profesional, Juan Carlos Estévez Fernández-Novoa; o Obradoiro de Gaitas Seivane; Pilar Iglesias Osorio, fundadora de AFAMMER e cuxa traxectoria profesional estivo sempre moi ligada ao mundo do asociacionismo; Francisco Javier Pitillas Torra, policía local vigués e adestrador de varios atletas invidentes e a ex-eurodeputada Carmen Fraga Estévez.

JUAN CARLOS ESTÉVEZ FERNÁNDEZ-NOVOA

Naceu na Estrada o 12 de abril de 1947. Licenciado en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid e licenciado en Ciencias Empresariais por ICADE (Universidade Pontificia de Comillas).

Exerce como procurador desde 1971 e nos máis de corenta anos que xa leva de traxectoria profesional ocupou diversos cargos de responsabilidade.

Así, desempeñou, desde 1983 a 1989, o cargo de secretario xeral do Consejo General de Procuradores.

Desde o 6 de maio de 1999 ata o 27 de marzo de 2007 foi decano do Colexio de Procuradores de Madrid.

O 27 de xullo de 2001 foi elixido presidente do Consejo General de Procuradores de España, cargo no que foi reelixido novamente, a última vez no ano 2012.

Desde 2001 ocupa a secretaría xeral de Unión Profesional, a organización que reúne os distintos profesionais liberais e posúe a Gran Cruz de la Orden de San Raimundo de Peñafort.

Desde o posto de presidente do Consejo General de Procuradores de España impulsou o estudo e a innovación na lexislación procesual, a implantación das novas tecnoloxías



para axilizar a modernización da Xustiza e o fomento da mediación extraxudicial como instrumento de resolución de conflitos.

OBRADOIRO DE GAITAS SEIVANE

O Obradoiro de Gaitas Seivane está situado en Cambre.

O patriarca, Xosé Manuel Seivane Rivas, creou o selo Seivane en 1939, cando constrúe a súa primeira gaita no obradoiro da Pastoriza, na provincia de Lugo.

É a primeira empresa galega na fabricación, comercialización e exportación de gaitas a Europa e Latinoamérica.

Conta con nove traballadores e factura 309.000 euros, media dos últimos tres anos.

Desde o respecto á tradición, o Obradoiro de Gaitas Seivane aposta pola tecnoloxía. Conta coa maquinaria e instalacións máis modernas: salas aclimatadas para o secado natural das madeiras, almacéns de repouso para as pezas en proceso de fabricación, oficina técnica de deseño, fresadura, gravado numérico e láser, sala de afinación, etc. Melloras que manteñen os altos niveis de calidade polos que é recoñecida a marca Seivane.

O obradoiro Seivane foi Premio Nacional Innova 2006 e Premio Nacional de Artesanía 2013, recoñecementos que avalan a súa traxectoria e calidade, sendo un dos mellores representantes da marca Artesanía de Galicia ao facer confluír nos seus produtos a calidade, a innovación e o deseño que presiden a imaxe da Artesanía de Galicia.

Representa tamén un exemplo de emprendemento e unha firme aposta polo presente e futuro dos oficios ligados á nosa tradición e cultura, con presenza en mercados nacionais e internacionais.

PILAR IGLESIAS OSORIO

A traxectoria profesional de Pilar Iglesias Osorio estivo sempre moi ligada ao mundo do asociacionismo, formando parte de diversas organizacións non gobernamentais de ámbito veciñal e social no seu Lugo natal, entre elas, Unicef, entidade que chegou a presidir nesta provincia.

Neste senso, fundou no ano 2000 a Asociación Sociocultural de Formación y Empleo ASFEM, unha entidade sen ánimo de lucro que busca favorecer a inclusión social de colectivos desfavorecidos.



O seu labor nos últimos anos centrouse sobre todo na Asociación de Familias y Mujeres del Medio Rural (AFAMMER), entidade de iniciativa social que ela mesma fundou en Galicia e preside desde o ano 2001. Desde Afammer traballa na defensa das mulleres rurais, reivindicando o seu protagonismo e impulsando a súa formación e inserción laboral.

Así mesmo, participou activamente en política. No ano 1989, concorreu ás súas primeiras eleccións, foi concelleira en Lugo entre 1991 e 1999 e tamén vogal de Servizos Sociais na Federación Española de Municipios e Provincias.

Tamén desenvolveu un intenso labor en defensa dos consumidores: presidiu a Comisión Nacional de Consumo e fundou a Asociación de Consumidores y Usuarios en Marcha (CONUMAR).

Firme defensora do envellecemento activo, nos últimos anos intensificou o seu traballo coas persoas maiores como membro do Consello Rexional das Persoas Miores e da Comisión Permanente do Consello Galego das Persoas Miores.

FRANCISCO JAVIER PITILLAS TORRA

Nacido en Vigo, traballa como policía local e desde hai máis de quince anos colabora con ASPAVI (Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual de Vigo), coa Asociación de Xordos de Vigo, coa FAXPG (Federación de Asociacións de Xordos de Galicia) e como adestrador de varios atletas invidentes.

A chegada de Javier Pitillas á escena pública prodúcese a raíz da presentación da curta documental *El camino de los sentidos*, que aborda a viaxe de Gerardo Fernández, un home xordo-cego, e o seu guía, o propio Javier, no Camiño Francés a Santiago no ano 2009.

A integración das persoas con discapacidade severa, a superación das dificultades, o entusiasmo e as ganas de vivir, a solidariedade, a colaboración e axuda mutuas e a promoción do Camiño como ruta accesible son algúns dos logros do labor constante de Javier Pitillas.

Ten un blog -nuncaserabastante.blogspot.com- no que verte as súas ideas e as experiencias do adestramento diario de persoas xordas, cegas ou xordo-cegas.



CARMEN FRAGA ESTÉVEZ

Nacida o 19 de outubro de 1948, en León, licenciouse en Xeografía no ano 1970, con Premio extraordinario de Licenciatura. A partir dese momento traballou para o Ministerio de Obras Públicas.

Licenciouse en Dereito entre 1980 e 1985 e, entre 1986 e 1994 traballou como asistente do Partido Popular Europeo.

Entre 1994 e 2002, obtivo un escano no Parlamento Europeo, á vez que é vicepresidenta primeira do Grupo Popular Europeo no dito Parlamento e, durante o trienio 1997-1999, presidenta da Comisión de Pesca.

Entre 2002 e 2004, foi secretaria xeral de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

En 2004, foi membro novamente da Comisión de Pesca e da Comisión de Agricultura y Desarrollo Rural.

En 2009, volve saír elixida eurodeputada e presidenta da Comisión de Pesca.

En 2013, recibiu do Consello de Ministros do Goberno de España a Gran Cruz de la Orden del Mérito Agrario, Pesquero y Alimentario, pola súa dedicación á pesca española ao longo destes anos.



A XUNTA ACTUALIZA DOUS ARTIGOS DO DECRETO QUE REGULA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE ESCOLAR E DE OBREIROS PARA MELLORAR A SEGURIDADE NOS DESPRAZAMENTOS E A GARANTÍA XURÍDICA

- ***Con esta adaptación da normativa galega tamén se harmoniza a estatal e a comunitaria***
- ***Na actualidade, a lei amparaba que tres menores de 14 anos ocuparan os asentos destinados a dúas persoas; unha situación que contradí o Real decreto 443/2001, sobre as condicións de seguridade no transporte, onde se indica que cada menor disporá da súa propia praza ou asento***
- ***Elimina o dereito de preferencia, xa que vulneraba a normativa sobre contratos do sector público, en particular o principio de transparencia, igualdade de trato dos operadores en competencia e proporcionalidade***

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, autorizou o decreto polo que se modifican dous artigos e a disposición adicional segunda do Decreto 160/1988 do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta. Deste xeito, mellórase a seguridade dos escolares nos desprazamentos e derrógase o denominado dereito de preferencia, ofrecendo unha maior garantía xurídica nas concesións. Ao mesmo tempo, dáse cumprimento á normativa estatal e comunitaria aprobada con posterioridade.

Na actualidade, o artigo 8 do Decreto 160/1988 establece a posibilidade de que tres menores de 14 anos poidan ocupar os asentos destinados a dúas persoas. Unha situación que, ademais de implicar un risco en caso de accidente, contradí o Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre as condicións de seguridade no transporte, onde se indica que "cada menor disporá da súa propia praza ou asento, o cal deberá ter as dimensións mínimas determinadas que resulten de aplicación ...".

En relación co dereito de preferencia (artigo 9), este recoñecía que os titulares de servizos públicos regulares permanentes de viaxeiros de uso xeral ou especial preexistentes podían acceder, con certos requisitos, á prestación de servizos de transporte escolar ou de obreiros con preferencia sobre outros operadores.

Desde a entrada en vigor do Regulamento (CE) 1370/2007, do 23 de outubro, do Parlamento Europeo e do Consello sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada, impídese outorgar compensacións ou dereitos exclusivos de forma directa, exixindo a tramitación do correspondente procedemento de contratación pública ou contrato de servizo público.



É dicir, tal e como considerou o Tribunal Supremo, ese procedemento vulneraba a normativa sobre contratos do sector público, en particular o principio de transparencia, igualdade de trato dos operadores en competencia e proporcionalidade.

Cómpre lembrar que esta situación xa foi anticipada cando se traballaba na Lei 5/2009 de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia, polo que se articulou un escenario de transitoriedade fundamentado na estabilidade outorgada aos prestadores actuais de servizos, co fin de facilitar a adaptación deste sector a este novo contorno máis competitivo.

Por último, a disposición adicional segunda resulta contraria ao artigo 18 da Lei de ordenación dos transportes terrestres, xa que se establece que o prezo dos transportes discretionais de viaxeiros e mercadorías e o das actividades auxiliares e complementarias de transporte, será fixado libremente polas partes contratantes.

Non obstante, cando unha Comunidade Autónoma estableza tarifas de obrigado cumprimento para os transportes interurbanos de viaxeiros en vehículos de turismo que se desenvolvan integramente no seu territorio, estas tarifas serán tamén de aplicación a cantos servizos desta clase se inicien en territorio galego, sexa cal for o lugar en que finalicen.

Estas modificacións impulsadas polo departamento que dirixe Agustín Hernández foron sometidas a audiencia da Comisión Permanente do Consello Galego de Transporte, do Comité Galego de Transportes por Estradas e da Federación Galega de Municipios e Provincias.



A XUNTA DE GALICIA NOMEA A JUAN MANUEL VIAÑO REY COMO REITOR MAGNÍFICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

- ***O profesor foi escollido pola comunidade universitaria, por primeira vez, nas eleccións do pasado 25 de abril***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o nomeamento do profesor doutor Juan Manuel Viaño Rey como reitor magnífico da Universidade de Santiago. Este nomeamento prodúcese despois de que Viaño fose elixido nas eleccións á Reitoría da USC o pasado 25 de abril, e proclamado como reitor pola Comisión Electoral Central o día 8 de maio. Desta forma, noméase como responsable máximo desta institución académica o docente, que substituirá a Juan J. Casares Long, que exerceu como reitor nos últimos 4 anos, ao que a Xunta de Galicia agradece o seu traballo á fronte da institución durante a pasada lexislatura.

Juan Viaño Rey é catedrático do departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago dende o ano 1988, ademais de doutorado tanto pola universidade compostelá como pola Pierre et Marie Curie-París VI. Posúe unha ampla experiencia na xestión universitaria, en que destaca a dirección do Departamento de Matemática Aplicada entre os anos 1986 e 1992; a súa etapa de decano da facultade de Matemáticas entre os anos 2001 e 2009 e ser o vicerreitor de Profesorado e Organización Académica entre os anos 2009 e 2010. Ademais, Viaño foi presidente da Comisión de Posta en Marcha do Instituto Español de Matemáticas (IEMath) e copromotor da súa sede galega ao tempo que desenvolveu o mesmo cargo no consorcio das 3 universidades galegas, Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial.



A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DA LEI QUE GARANTIRÁ AOS CIDADÁNS A CALIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

- *A norma recoñece e regula dereitos ca cidadanía na súa relación co sector público autonómico e recolle ademais os mecanismos para garantilos*
- *O texto obriga á Administración a marcar uns estándares mínimos de calidade no servizo e implicará responsabilidade patrimonial se son incumpridos*
- *Por primeira vez en Galicia unha lei recoñece o dereito a que os cidadáns participen na avaliación da calidade dos servizos que reciben*
- *Blindarase por lei a posibilidade de presentar suxestións e queixas e porase en marcha un barómetro da calidade dos servizos públicos*

O Consello da Xunta analizou hoxe o borrador da futura Lei de garantía da boa administración e da calidade dos servizos públicos, que ten por obxectivo garantir aos cidadáns un servizo público de calidade, que sirvan con obxectividade aos intereses xerais e que recolle mecanismos para garantir os dereitos dos galegos na súa relación coa Administración autonómica.

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, presentou no Consello as liñas mestras do novo texto, que agora arrinca a súa tramitación co procedemento de exposición pública, de tal xeito que todos os cidadáns poidan facer as súas suxestións a esta nova norma, que o Goberno autonómico pretende situar como unha das columnas vertebrais do modelo de xestión da Administración galega.

Entre outras cuestións, a lei recolle por vez primeira a Carta Galega dos Servizos públicos, como estatuto da persoa usuaria dos servizos públicos autonómicos, con todos os dereitos que lle corresponden, incluíndo a obriga de que a Administración marque uns estándares mínimos de calidade no servizo, que impliquen responsabilidade patrimonial para a Administración se son incumpridos.

Avaliación continua e barómetro de calidade

Outra das novidades que introduce a lei é a existencia dun proceso de avaliación continua nos servizos prestados pola Xunta, de tal xeito que a partir da súa entrada en vigor deberá elaborar un Plan xeral de mellora da calidade, definindo plurianualmente os servizos sobre os que é preciso facer unha avaliación de calidade. O resultado destas avaliacións de calidade e as conclusións dos plans serán postos á disposición da cidadanía no chamado barómetro da calidade dos servizos públicos, que permitirá aos galegos supervisar os resultados dos servizos que se lles prestan.

Nesa liña, a Xunta estará obrigada a realizar estudos do grao de satisfacción dos servizos prestados e de análises de demandas cidadás para impulsar melloras en liña coas expectativas dos usuarios. Tamén se blinda na lei o dereito do cidadán a presentar



suxestións e queixas ante a Administración, garantindo que existan á súa disposición formularios normalizados para a súa presentación, tanto de xeito presencial como a través de medios electrónicos.

O texto tamén aborda a regulación dun sistema integrado de atención á cidadanía para garantir o dereito do cidadán a recibir da Administración a información que precisa. Desta forma vaise máis alá do dereito que se regula xa na normativa de transparencia e abórdase aquela outra información e orientación máis directa que os cidadáns necesitan para pder exercer os seus dereitos e recibir servizos.

Garantía de calidade

A lei aplícase a todos os servizos públicos que presta o sector público autonómico, ben sexan de xestión directa ou indirecta. Para os servizos prestados directamente polo sector público regúlase a implantación de cartas de servizo, así como os manuais de procedementos, mentres que no caso da prestación indirecta garantírase que os pregos dos concursos introduzan os mecanismos necesarios para medir a calidade do servizo e que as retribucións vaian vinculadas a ese nivel. Tamén se fomentará que o sistema habitual de contratación sexa o do pagamento por obxectivos e non o dunha retribución constante independente da calidade prestada.

A este respecto, ábrese a posibilidade de impoñer penalidades económicas cando o contratista non dea solucións ás queixas formuladas polos usuarios que lle traslade a Administración. Finalmente, valorarase a calidade á hora de contratar coa Administración, de tal xeito que as empresas que non cumpran cos obxectivos de calidade estipulados terán menos posibilidades de facerse con futuros contratos coa Administración.



A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO CUN INVESTIMENTO DE 25 MILLÓNS NO CONCELLO OURENSÁN DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS

- ***O eólico de Cernego contará con 7 arexoradores que suman 21 MW e producirán preto de 61.500 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de máis de 15.000 fogares galegos***
- ***O de Cernego é o cuarto parque do concurso aprobado no que vai de ano, tras as autorizacións do eólico de Acibal, Mondingo e Faro, que alcanzan un total de 81 MW***
- ***O Goberno galego ten posto en marcha distintas medidas para impulsar a dinamización do sector eólico e recuperar o liderado***

O Goberno galego segue a dar os pasos necesarios para impulsar a reactivación do sector eólico en Galicia no escenario enerxético actual. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou un novo parque do concurso galego, o eólico de Cernego, situado no concello ourensán de Vilamartín de Valdeorras. A infraestrutura, que prevé un investimento de preto de 25 millóns, estará composto por 7 aerogeradores que, cunha potencia total de 21 MW, producirán preto de 61.500 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de máis de 15.000 fogares galegos.

A aprobación desta instalación, promovida por Airosa Vento, supón un importante avance na aposta estratéxica da Xunta de Galicia polo desenvolvemento desta enerxía así como polo impulso do concurso eólico. Neste sentido, o de Cernego é o cuarto parque do concurso aprobado no que vai de ano, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondingo e Faro, que alcanzan un total de 81 MW.

Cómpre destacar que a Consellería de Economía e Industria está a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Por este motivo, traballa desde a unidade de acción na posta en marcha de distintas medidas fiscais, técnicas e financeiras que dinamicen a posta en marcha de proxectos.

Así, aprobouse a modificación da lei que permite trasladar a constitución do aval do momento da concesión administrativa ao do inicio da construción, o que supón un aforro medio de máis de 23.000 euros anuais por parque; estanse a impulsar as repotenciacións; e facilítase a desistencia total ou parcial de MW, sempre que non se altere o resultado do concurso.

Así mesmo, cómpre salientar que os plans industriais asociados ao concurso eólico galego xa están a xerar 700 millóns de investimento na Comunidade e preto de 1.400 postos de traballo.



Dentro desta estratexia, o Goberno galego ten moi en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico recadáronse xa máis de 91 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto suporá unha importante fonte de financiamento para o Concello de Vilamartín de Valdeorras, que poderá beneficiarse da recadación obtida do mencionado canon.



A XUNTA DESTINA 210.000 EUROS PARA APOIAR AS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL NA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta iniciativa que beneficiará as empresas de inserción laboral (EIL) de Galicia para a contratación duns 40 traballadores en procesos de inserción***
- ***Esta iniciativa vai dirixida a persoas desempregadas nas cales concorren factores de exclusión co obxecto de proporcionar formación, emprego e habilidades sociais e laborais ás persoas desfavorecidas e socialmente máis vulnerables***
- ***Este ano incorpóranse como novo suposto subvencionable as asistencias técnicas que permitan ás EIL reorientar a súa actividade empresarial***

A Consellería de Traballo e Benestar destinará 210.000 euros para promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción laboral que teñan centros de traballo en Galicia, co fin de que poidan cumprir a súa función social.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta iniciativa que beneficiará as 9 empresas de inserción laboral (EIL) existentes para a contratación duns 40 traballadores.

Estas empresas deben proporcionar aos traballadores medidas personalizadas de apoio e manter, en cómputo anual, un mínimo do 30% de empregados en proceso de inserción con respecto ao total do equipo.

Este programa vai dirixido a persoas desempregadas en que concorren factores de exclusión co obxecto de proporcionar formación e emprego ás persoas desfavorecidas e socialmente máis vulnerables. As empresas de inserción laboral amplíanlles as posibilidades de acceder ao mercado laboral.

A iniciativa inclúe axudas á contratación de persoas en risco de exclusión, de xerentes para garantir a viabilidade técnica da empresa e de técnicos expertos en accións de orientación ou acompañamento á inserción, a mediación laboral para a contratación destas persoas, a formalización de préstamos con entidades financeiras, axudas para a creación ou ampliación do cadro de persoal ou para o inicio e posta en marcha da actividade. Ademais destes supostos, este ano incorpóranse como novidade as axudas para asistencias técnicas que permitan ás EIL reorientar a súa actividade empresarial.

Pola súa banda, as entidades promotoras de empresas de inserción laboral poderán acceder a axudas para a contratación de persoas técnicas expertas en accións de orientación e acompañamento á inserción e para o fomento de procesos de creación de empresas de inserción laboral.



AS BRIGADAS DE INVESTIGACIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DENUNCIARÁN PREDIOS ABANDONADOS QUE CONTRIBÚAN Á PROPAGACIÓN DE LUMES FORESTAIS

- ***O Goberno galego aprobou hoxe o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2014), que reflicte o seu esforzo e compromiso na loita contra esta lacra***
- ***Co impulso destas brigadas prevese reducir o número de incendios naqueles predios que, sistematicamente, se atopan abandonados e supoñan un risco para a propagación de incendios forestais***
- ***Para esta campaña, o dispositivo de loita contra os incendios estará composto por 5.767 persoas (59 efectivos máis que o pasado ano), reforzado por persoal do Ministerio, do Exército e dos corpos e forzas de seguridade do Estado ata completar un operativo de máis de 7.000 efectivos***
- ***Este plan incorpora tamén a identificación e delimitación das parroquias de alta actividade incendiaria, nas cales se realizará un especial esforzo de vixilancia e disuasión***
- ***O Pladiga 2014 consagra como outro dos seus puntos fundamentais a continuación da colaboración con outras entidades e administracións, co obxectivo de aumentar a prevención e defensa dos nosos montes partindo da eliminación dos riscos que poden ser orixe dos lumes e da súa propagación***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2014), documento que se aproba todos os anos antes da tempada de maior risco de incendios (entre o 1 de xullo e o 30 de setembro). Este ano refórzase o labor das brigadas de investigación de incendios forestais (BIIF), que poderán denunciar aqueles propietarios de predios que estean abandonados, o que pode dar lugar á apertura de expedientes sancionadores, así como aquelas parcelas queimadas que polo seu estado de abandono dificulten os labores de extinción ou supoñan un risco polo achegamento do lume a zonas habitadas.

Deste xeito, poderán ser obxecto de sanción os predios que incumpran os criterios de xestión da biomasa, incluídos na Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Tamén o serán aquelas leiras onde as repoboacións forestais afectadas polo lume sexan ilegais ou non se axusten ás distancias establecidas pola Lei de montes de Galicia. Por último e tal e como recolle a Lei de mobilidade de terras, os terreos en zonas de concentración parcelaria que non estean sometidos a ningunha práctica de cultivo ou pastoreo tamén poderán ser obxecto de sanción, en caso de incendio.

Tamén como novidade, este ano, haberá unha BIIF por cada distrito e estarán compostas por un mínimo de 2 axentes por distrito forestal, especializados en



investigación das causas dos lumes, e dotadas dos medios materiais necesarios para realizar a súa misión. Estarán encadradas dentro do dispositivo de vixilancia, independentemente do requirimento necesario nos labores de extinción. A investigación basearase na análise das evidencias físicas, das actividades humanas e na recollida e análise da información das testemuñas.

O Pladiga 2014 incorpora tamén a identificación e delimitación das parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI), que son as incluídas en zonas declaradas de alto risco que, polo número de incendios forestais reiterados ou pola súa gran virulencia, precisen medidas extraordinarias de prevención de incendios e de protección dos montes fronte aos impactos producidos por eles. Nestas parroquias realizarase un seguimento exhaustivo de calquera actividade incluída no territorio e intensificaranse as actuacións de vixilancia e disuasión. Seguindo unha serie de criterios técnicos, identificáronse un total de 79 parroquias de alta actividade incendiaria no conxunto de Galicia, das cales 48 están na provincia de Ourense, 17 na de Pontevedra, 13 na da Coruña e 1 na de Lugo.

Outra das claves do Pladiga é a aposta pola concienciación da poboación escolar sobre os valores e defensa do monte, que foi iniciada o ano pasado a través dun plan de divulgación interno e da participación no Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016 Xuventude 2016, cos programas "O Monte Vivo" e "Montentérate".

Persoal e medios materiais

Para esta campaña, o dispositivo de loita contra os incendios estará composto por 5.767 persoas (59 efectivos máis ca o ano pasado), reforzado por persoal do Ministerio, do Exército e dos corpos e forzas de seguridade do Estado ata completar un operativo de máis de 7.000 efectivos.

No tocante aos medios materiais, contarase con 32 medios aéreos, entre os propios da Xunta e os que proporciona o Estado; e 358 motobombas do SPDCIF (Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais) da Xunta, dos concellos e dos parques de bombeiros, e aos que se engaden cisternas, pas e outros vehículos.

Colaboración con outras administracións

O Pladiga 2014 consagra como outro dos seus puntos fundamentais a continuación da colaboración con outras entidades e administracións, co obxectivo de aumentar a prevención e defensa nos nosos montes partindo da eliminación dos riscos que poden ser orixe dos lumes e da súa propagación.

Nesta liña encádrase a colaboración coa Federación de Municipios e Provincias (Fegamp) para a elaboración dunhas ordenanzas tipo para a xestión da biomasa en terreos urbanos e de núcleo rural e dun modelo de bando municipal informativo.



Tamén se asinan convenios coas administracións municipais para a elaboración de plans municipais preventivos, co fin de definir a rede de faixas secundarias de xestión de biomasa a nivel municipal.

Mantense así mesmo a colaboración Xunta-municipios-deputacións para a creación e implantación dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES), que realizarán traballos de extinción e prevención.

Outros convenios que incorpora a Pladiga son os subscritos cos concellos para tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal –que xa se viñan levando a cabo en anos anteriores–. Ademais, existen convenios para a actuación de brigadas de prevención e defensa, que se sumarán ao dispositivo do distrito forestal onde se sitúe o concello, podendo colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais de Galicia.

Outros acordos coas entidades locais son os relativos ao funcionamento de motobombas municipais e a súa participación no operativo de extinción de incendios forestais. Neste contexto enmárcase a orde de subministración e cesión de 14 motobombas aos concellos.



A XUNTA CONSTITÚESE COMO ACCIÓN POPULAR NO PROCESO POLA MORTE POR VIOLENCIA DE XÉNERO DE MARÍA BELÉN EXPÓSITO VÁZQUEZ

- *O pasado mes de xullo o Consello da Xunta acordou constituirse como parte en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero*

O vicepresidente Alfonso Rueda elevou hoxe un informe ao Consello da Xunta para dar conta da constitución como acción popular no caso de morte por violencia de xénero de María Belén Expósito Vázquez, que xa é a quinta que fai o Goberno galego, tras os casos de Verín, Marín, Cervo e Lugo.

A Asesoría Xurídica da Xunta constituíuse como parte por instancia da Secretaría Xeral de Igualdade, e co consentimento da familia, como acción popular no caso da morte de María Belén Expósito Vázquez por violencia de xénero. Concretamente, os/as letrados/as da Xunta de Galicia constituíronse como parte nas dilixencias previas abertas no Xulgado de Violencia sobre a Muller número 1 da Coruña que aceptou esta constitución.

O pasado mes de xullo o Goberno galego acordou no Consello da Xunta constituirse como parte en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero. Con esta iniciativa, a Xunta deu cumprimento aos artigos 30 e 31 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta lacra.



A BIBLIOTECA VIRTUAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CONTA XA CON MÁIS DE 13.000 USUARIOS REXISTRADOS

- ***Todo o persoal do Sergas, incluídos aqueles que xa están xubilados, teñen acceso a Bibliosaúde***
- ***Esta plataforma ofrece servizo as 24 horas do día a todos os hospitais do Sergas, centros de atención primaria e aos servizos periféricos, departamentos territoriais provinciais, fundacións públicas e institutos asociados***

A Biblioteca Virtual do Sistema Sanitario Público de Galicia, Bibliosaúde, conta xa con máis de 13.700 usuarios rexistrados. Esta iniciativa supuxo un importante cambio de modelo ao aproveitar as tecnoloxías da información e da comunicación para pasar das bibliotecas tradicionais a unha rede que ofrece servizo as 24 horas do día, todos os días do ano, a todos os hospitais do Sergas, a todos os centros de atención primaria e aos servizos periféricos, departamentos territoriais, fundacións públicas e institutos asociados.

Todo o persoal do Sergas dispón de acceso á biblioteca virtual desde o seu posto de traballo ou desde o seu domicilio, a través da intranet do Servizo Galego de Saúde (<http://bibliosaude.sergas.es>) ou desde a internet (<http://mergullador.segas.es>). Ademais dos profesionais con praza no sistema, poden acceder a ela os médicos xubilados e tamén os interinos e en prácticas, o que constitúe unha axuda importante para a formación dos futuros profesionais.

Deste xeito ponse á disposición de todos os profesionais do ámbito da sanidade información relevante e técnica que lles permite a toma de decisións na práctica clínica, na xestión, na docencia e na investigación.

Ademais, Bibliosaúde permite acceder ás coleccións de 1.446 revistas subscritas de ciencias da saúde a texto completo; a 1.589 libros electrónicos a través do novo catálogo BICO mediante o que todas as bibliotecas da Consellería de Sanidade teñen todos os seus fondos integrados, e a distintas bases de datos bibliográficas.

Esta plataforma, que está constituída pola rede de bibliotecas dos centros sanitarios e de servizos centrais, conta tamén cun servizo de petición de artigos en liña; busca bibliográfica e o servizo de información *Consulte o bibliotecario*. Así, no ano 2013 descárganse 541.349 artigos de revistas electrónicas; obtivéronse 21.094 documentos; prestáronse 1.251 libros; e realizáronse 1.195 buscas bibliográficas.

Bibliosaúde tamén ofreceu o ano pasado 143 cursos presenciais, aos que asistiron preto de 2.000 persoas. Ademais, o seu portal foi actualizado recentemente para ofrecer un



contorno máis amigable e intuitivo, un acceso directo aos recursos máis empregados polos traballadores e unha maior presenza nas redes sociais.

Por último, BiblioSaúde, en colaboración coa Subdirección de Investigación, Docencia e Innovación do Servizo Galego de Saúde, desenvolveu unha ferramenta electrónica denominada Sophos para medir a actividade científica de todos os investigadores da Consellería de Sanidade e do Sergas.

Este repositorio institucional do Sistema sanitario público de Galicia será o punto único de información de toda a produción clínica, científica, intelectual e docente xerada polos profesionais e permitirá realizar a análise bibliométrica da produción científica da Administración sanitaria galega.



O SERGAS DESTINARÁ AO REDOR DE 2,7 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE GONDOMAR

- ***A súa superficie total será superior a 1.600 m²***
- ***O seu prazo previsto de execución é de 15 meses***

O Servizo Galego de Saúde vai destinar ao redor de 2,7 millóns de euros á execución da obra de construción do centro de saúde de Gondomar, en Pontevedra, nunha parcela cedida polo Concello.

Esta obra enmárcase no Programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e o seu prazo previsto de execución é de 15 meses.

O centro de saúde contará cun área de medicina xeral con 12 consultas, unha área pediátrica con dúas consultas, traballador social e salas polivalentes.

Ademais, terá unha área de administración con almacén e outros servizos comúns. A superficie total do centro será superior a 1.600 m².

Este novo centro da rede sanitaria pública galega atenderá unha poboación dunhas 10.414 persoas e suporá que tanto os profesionais como os usuarios dispoñan dunha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades, dando unha mellor resposta ás necesidades de saúde presentes e futuras dos veciños deste municipio.

O Servizo Galego de Saúde segue a licitar os centros de saúde, e neste sentido o *Diario Oficial de Galicia* publicará proximamente a licitación das obras de construción do de Marín, que se unirán deste xeito á dos centros de saúde de Vilarrodís, Tui, Panxón, Galeras, Oia, O Couto e Buño, que xa foron publicados.



BENESTAR INCREMENTA EN 1,6 MILLÓNS DE EUROS O ORZAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR QUE BENEFICIARÁ A 500 DEPENDENTES MÁIS

- ***O Goberno galego aumenta nun 4,24 por cento a contía destinada a este servizo de proximidade que acadará os 39,3 millóns de euros para poder beneficiar ata 10.100 galegos e galegas en situación de dependencia***
- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta actuación, que supón un incremento en número de horas ao mes de 24.600, un 6,16 por cento máis das horas asignadas aos concellos e mancomunidades galegas***
- ***A Consellería de Traballo e Benestar leva a aumentar a contía desta prestación nun 119 por cento desde 2009, investindo desde entón máis de 221,7 millóns nesta modalidade de axuda***
- ***Esta iniciativa da Xunta inscríbese na súa aposta polos servizos profesionais de proximidade no domicilio que, ademais do SAF, ofrece ás persoas dependentes un programa de teleasistencia básica e avanzada, as libranzas vinculadas á adquisición do SAF e a de asistencia persoal e un servizo que combina o SAF coa teleasistencia avanzada***

A Consellería de Traballo e Benestar incrementou en 1,6 millóns de euros o orzamento de 2014 para o servizo de axuda no fogar (SAF) para persoas dependentes, unha actuación que se enmarca na aposta do Goberno galego polos servizos profesionais de proximidade no domicilio.

En concreto, o aumento da contía supón un 4,24 por cento máis que o orzado inicialmente para este ano, o que permitirá destinar a esta prestación en 2014 máis de 39,3 millóns de euros. Esta decisión, que foi ratificada hoxe polo Consello da Xunta, posibilitará que 500 dependentes máis poidan ser beneficiarios desta axuda, polo que se prevé que en 2014 reciban este servizo máis de 10.100 galegos e galegas dependentes. O incremento do orzamento para este servizo permitirá, ademais, asignar aos concellos e mancomunidades ou agrupacións de concellos, que prestan este servizo, 24.066 horas máis ao mes.

A aposta do departamento autonómico por este tipo de servizos para as persoas dependentes é clara e decidida e, por iso, desde 2009 leva incrementando a prestación do SAF, á que destinou desde entón e ata o de agora preto de 222 millóns de euros, é dicir, un 119 por cento máis desde o ano 2009.

O Servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes é o recurso máis demandado pola poboación maior que necesita algún tipo de axuda, así como polas súas familias coidadoras. Por iso, o Goberno galego no só leva a aumentar o financiamento deste recurso, senón que desenvolveu diversas melloras na xestión da asignación do servizo a través da posta en marcha do módulo extranet aos concellos e do Programa de



asignación de recursos. O aumento no orzamento e na tramitación destas prestacións permitiu o incremento do número de persoas beneficiarias, xunto coa axilidade na asignación do servizo.

Ademais do SAF, a Consellería de Traballo e Benestar oferta outros servizos profesionais de proximidade no domicilio destacando un total de catro tipos de recursos.

A libranza vinculada á adquisición do SAF facilita ao usuario a permanencia no seu contorno cando non é posible ser prestado a través das entidades locais e a libranza de asistencia persoal está destinada á promoción da autonomía persoal, facilitando ao beneficiario o acceso á educación e ao traballo, así como unha vida máis autónoma no exercicio das actividades básicas da vida diaria.

Por outra banda, a Xunta tamén oferta o servizo de teleasistencia básica e avanzada (Miavizor), dirixida a persoas en situación de dependencia leve ou moderada. E, por último, destaca un novo servizo que se implementou este ano e que combina o SAF co dispositivo Miavizor, un proxecto pioneiro e innovador no ámbito da teleprevención sociosanitaria, máis avanzado e completo que a teleasistencia tradicional.

En total, destes outros servizos profesionais de proximidade no domicilio estanse a beneficiar na actualidade en Galicia preto de 2.500 persoas.



A XUNTA DESTINA 3 MILLÓNS DE EUROS PARA O PROGRAMA DE CONTRATACIÓN QUE BENEFICIARÁ UNS 600 PERCEPTORES DE RISGA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe esta convocatoria, que se pon en marcha por primeira vez e que sairá publicada no Diario Oficial de Galicia a próxima semana***
- ***As contratacións serán executadas por entidades ou agrupacións locais, e terán unha duración de entre 7 e 9 meses***
- ***As condicións do posto de traballo seguirán o establecido nos convenios colectivos correspondentes, e o Goberno galego encargárase do 100 por cento dos custos salariais***
- ***Os beneficiarios deberán ter unha antigüidade mínima de seis meses como perceptores da Risga***

A Xunta destinará un total de 3 millóns de euros a unha convocatoria de axudas que permitirá a contratación duns 600 perceptores da renda de inclusión social da Galicia (Risga), segundo unha estimación inicial. A orde, que entrará en vigor a próxima semana, está destinada a concellos e agrupacións locais.

O Consello da Xunta informou hoxe sobre este programa, que se executa por vez primeira e que ten como principal obxectivo favorecer a inserción laboral destas persoas e evitar a súa cronificación nunha situación de exclusión.

A inclusión activa é, de feito, unha das principais liñas de actuación da Lei 10/2013 de inclusión de Galicia, impulsada por este Goberno. Ademais, está en concordancia coas prioridades da Unión Europea, que a considera un eixe fundamental de cara aos fondos estruturais.

Os beneficiarios desta iniciativa serán aqueles perceptores da Risga que teñen unha antigüidade mínima de seis meses e que estean inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados. Entre eles, terán preferencia aqueles que teñan asinado un proxecto de inserción de carácter laboral.

As contratacións durarán entre 7 e nove meses e serán a tempo parcial, aínda que sempre deberán estar por riba do 50 por cento da xornada. Ademais, o obxectivo deste persoal deberá ser o da realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social.

As condicións do contrato serán as establecidas no convenio laboral correspondente ao posto de traballo. O Goberno galego encargárase de financiar a totalidade dos custos salariais destas persoas.



Á hora de distribuír os fondos territorialmente, computarase o número de perceptores de Risga existentes en cada concello no mes anterior á publicación da orde, aínda que tamén se valorara o necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios máis desfavorecidos.

En calquera caso, para garantir unha distribución equitativa, asignarase a cada entidade solicitante unha axuda inicial equivalente ás contratacións que lle correspondan segundo a seguinte escala: con ata 10 perceptores de Risga, concederase un máximo de 2 contratacións; de 11 a 50 perceptores, ata 5 contratacións; de 51 a 100, ata 10 contratacións; de 101 a 700, un máximo de 20, e de máis de 700, ata 40 contratacións.

Isto é, as entidades solicitantes teñen garantida –se cumpren os requisitos- entre unha contratación e 40, en función do número de beneficiarios da Risga da localidade.

A selección de persoal será realizada por un grupo mixto formado pola Consellería de Traballo e Benestar e a entidade contratante. Os concellos e agrupacións locais que se inscriban no programa deberán solicitar os demandantes a través da presentación de oferta nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Aposta pola inclusión

En definitiva, trátase dunha medida innovadora que ten como obxectivo conseguir a inserción laboral e a mellora da empregabilidade dos colectivos máis vulnerables, partindo da premisa de que “a mellor política social é o emprego”.

Esta actuación inscríbese nun abano de medidas posto en marcha polo Goberno galego para apoiar os colectivos en risco de exclusión social. Entre estas, destaca o impulso á nova Lei de inclusión de Galicia, xa en vigor, que precisamente ten como unha das súas principais novidades o reforzamento das sinerxías entre a área social e o emprego, así como a articulación dunha nova Risga.

Tamén no eido da planificación, se está elaborando a Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, que será o marco integrado para o desenvolvemento de medidas de inclusión promovidas pola Xunta, que recollerá tamén como un eixo fundamental a inclusión activa.

Por último, cabe destacar a aposta orzamentaria. O orzamento inicial da Risga en 2014 supera en un 21,4 por cento ao destinado en 2013. Ademais, o financiamento das Axudas de emerxencia social (AES) blíndase con 4,5 millóns de euros este ano, mentres que a orde de axudas á inclusión para entidades ten un orzamento de 3,7 millóns de euros máis, un 14 máis que o ano anterior.

